



II EDICIÓN DOS PREMIOS ISABEL ZENDAL DE PROMOCIÓN DO PENSAMENTO CRÍTICO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA E BACHARELATO

CORRECCIÓN DE ERROS

Cristina López Villar, vicerreitora de Igualdade, Cultura e Deporte, resolvo e fago pública unha corrección de erros da II Edición dos Premios Isabel Zendal de Promoción do Pensamento Crítico en Educación Secundaria e Bacharelato, de acordo co seguinte:

A dita convocatoria establece que o prazo de presentación das solicitudes remata **o día 5 de maio de 2020 ás 14:00 h.**

De acordo co disposto polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma, suspéndense os termos e interrómpense os prazos para a tramitación dos procedementos.

Por este motivo, establécese un **prazo de 10 días** para a presentación das solicitudes acompañadas dos traballos, **a partir do día seguinte ao levantamento do dito estado de alarma sanitaria** ou, no seu caso, das prórrogas do mesmo. Non obstante, durante a súa vixencia poderanse seguir achegando polos medios que establece a convocatoria dos premios.

A Coruña,
Asinado dixitalmente
A vicerreitora de Igualdade, Cultura e Deporte

Código Seguro De Verificación	stxxuEPgQi2Z6vm9D0Q28A==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Cristina López Villar - Vicerr. de Igualdade, Cultura e Deporte	Asinado	29/04/2020 13:23:38
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/stxxuEPgQi2Z6vm9D0Q28A==		

